



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE AREA DE SECADA" POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

I DISPOSICIÓN XERAIS

1.- OBXECTO.

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), o obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares é regular a contratación e execución da obra "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE AREA DE SECADA", de conformidade co proxecto técnico que acompaña ó expediente.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Corporación, é a Xunta de Goberno Local do Concello de A Illa de Arousa.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen perxuício do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdicción competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

A contratación a que serve de base este pliego ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas ó disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; Real Decreto 817/2009, de 08 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro; Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ó TRLCSP. Así mesmo, serán de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, en canto non se opoñan á Lei 30/2007.

4.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO..

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 41.567,00 euros, e o IVE por importe de 8.7129,07 euros, cun total de 50.296,07 euros.

5.- FINANCIAMENTO.

A obra finánciase con subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, por importe de 41.567,00 euros, e con aportación do Concello de A Illa de Arousa por importe de 8.729,07 euros, existindo consignación na partida 153.61900 do vixente orzamento de gastos.

6.- REVISIÓN DE PRECIOS.

Por aplicación do disposto no artigo 89.1 da Lei en relación ca cláusula 7 non existe revisión de prezos.

7.- PRAZO DE EXECUCIÓN.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O prazo máximo de execución das obras será de CUARENTA DÍAS, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

8.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase por procedemento negociado sen publicidade por non superar a cuantía sinalada para esta clase de contratos no TRLCSP, en cumprimento do disposto no artigo 171 d) da mesmo, e tramitarase pola vía ordinaria.

O orzamento base de licitación, excluído o IVA, non supera el límite dos 200.000,00 euros sinalado no artigo 177.1 do TRLCSP.

9.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato os seguintes, por orden decrecente de importancia con arreglo á seguinte puntuación:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
1.- Ampliación prazo garantía	5 puntos.
2.- Melloras na obra que non impliquen gastos para a Administración (deberán ser identificadas e valoradas individualmente, acompañando su importe total)	10 puntos.

10.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Se considerará que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, sempre que o precio ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados.

11.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Non se esixe garantía provisional, tendo en conta o seu carácter potestativo ó abeiro do disposto no artigo 103.1 do TRLCSP.

12.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O importe da garantía definitiva que constituirá o adxudicatario provisional, en calquera das modalidades previstas no artigo 95.1 do TRLCSP, será do 5% do prezo da adxudicación (IVE excluído).

* En todo caso, axustarase ó disposto nos artigos 55 e seguintes do RGLCAP, así como ós modelos que figuran nos anexos deste regulamento.

A dita garantía constituirase no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte a aquel no que reciba o requerimento da súa presentación, de conformidade co disposto nos artigos 99.1, 151.2 e 112.2 b) do TRLCSP, procedéndose, no caso de demora imputable ó contratista, a declaralo decaído no seu dereito e á aplicación do disposto no 151.2 do TRLCSP.

13.- CONDICIÓN DOS LICITADORES.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económica-financieira e técnica ou profesional, non se atopen incursas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 60 do TRLCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 54.1 e 2 do TRLCSP).





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

14.- INVITACIÓNS A PARTICIPAR NA LICITACIÓN, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SOLICITUDES DE INFORMACIÓN.

O Concello invitará a un mínimo de tres licitadores para que formulen a correspondente oferta, sempre que isto sexa posible, de conformidade co disposto nos artigos 178.1 do TRLCSP e 92 do RGLCAP. A presentación da documentación realizarase no Rexistro xeral do Concello de A Illa de Arousa en días e horas de oficina, **nun prazo de sete días naturais a contar dende o día seguinte ó da recepción da invitación para participar no procedemento de contratación**. Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en sábado ou festivo, entenderase prorrogado o devandito prazo ó primeiro día hábil seguinte. A documentación poderá igualmente remitirse por correo, nas condicións previstas no artigo 80.4 do RGLCAP.

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos tres primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, tanta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debendo serlles facilitada polo menos con tres días de antelación ó remate do prazo de presentación de ofertas (artigo 92.1 do RGLCAP, en relación co artigo 158.2 do TRLCSP).

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición. Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar a non admisión d etodas as propostas por el suscritas.

15.- DOCUMENTACIÓN.

As proposicións serán secretas e presentaranse en dous sobres cerrados ou libros separados e asinados polos licitadores ou persoa que os represente:

SOBRE NÚM. 1. Levará a mención «Documentación administrativa do procedemento negociado para a contratación da obra **“PAVIMENTACIÓN CHASÁN-TESTOS”** ca sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

No interior do sobre farase constar, en folio independente, o seu contido enunciado numericamente.

15.1.1.- Documentación completa:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo ca lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo ca lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación ca administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación cas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitante (artigo 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (artigo 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes ós que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ó seguinte modelo:

“D/Dª..... con DNI..... e domicilio en
provincia de rúa nº.....





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar ca administración establecidas nos artigos 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e ca Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)'''

F) Documento de clasificación empresarial:

Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 7 do cadro de características.

No entanto, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica e técnica na forma prevista no apartado g) da presente cláusula.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira, así como a solvencia técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACION DA SOLVENCIA:

Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ó ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos sexa, polo menos, o dobre do valor estimado do contrato.

Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 100% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ó valor estimado do contrato.

O valor estimado para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características do contrato.

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificar a súa solvencia





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

económica e financeira e a súa solvencia técnica e, en consecuencia, non se establece excepción de presentación desta por razón da contía (artigo 11.5 do Regulamento da Lei de contratos).

H) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

“D/Dª con DNI e domicilio en provincia de rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1 do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do proponente)”

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos establecidos no artigo 223 f) do TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

I) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

J) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ó seguinte modelo:

“D/Dª con residencia provincia de rúa nº segundo DNI nº en nome propio ou da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ó corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e ca Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)”

K) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

referencia ás condicións de solvencia técnica dos subcontratistas ós que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ó modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

“”MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./D^a..... con DNI e domicilio en provincia de..... rúa
..... nº.....

en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no
procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados
será o seguinte:

..... % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e firma do proponente)“”

*indicar só o % , non o importe.

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan
do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da
subcontratación expresado en euros serán excluídas.

L) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións.

Axustarase ó seguinte modelo:

“”D/D^a..... con residencia provincia de rúa nº
..... con NIF nº en nome propio ou en nome e representación da empresa
..... con NIF e domicilio en provincia de rúa
nº teléfono á que representa no procedemento de adxudicación do
contrato de
(Título: ...)

Autoriza para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en
calquera das seguintes formas:

a. Fax:

b. Correo electrónico:

(Lugar, data e firma do proponente)“”





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

M) Certificado sobre traballadores con discapacidade.

Para os efectos dispostos na cláusula 15.5 (criterios de desempate) presentárase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

“D. /D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____%

(Lugar, data e firma do proponente)”

N) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

15.1.2.- Documentación simplificada.

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación:


A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP que establece :
“O órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar ca administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.”

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

“D./D^a _____ con DNI.....e
domicilio en,
actuando en nome propio ou en representación decon domicilio
en.....
, e en relación co contrato de execución das obras de
Declaro

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no artigo 146.4 do TRLCSP, comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 12.1.1 desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2º do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

(Lugar, data e firma do proponente)'''

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas ós que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ó modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será o establecido no artigo 227.2 e) do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

""D/Dª con DNI e domicilio en provincia de Rúa..... nº

en nome propio ou en representación da empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

..... % *

e que se descompón nas seguintes unidades;

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR ÓS PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %) *
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e firma do proponente)'''

***indicar só o % , non o importe.**

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ó seguinte modelo:

""D./Dª con residencia provincia de rúa
..... con NIF nº en nome propio ou en nome e representación da empresa





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

_____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____
nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do
contrato de
(Título: ...)

Autorízase para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en
calquera das seguintes formas:

Fax: _____

Correo electrónico: _____

D) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.5 (criterios de desempate)
presentarase unha declaración axustada ó seguinte modelo:

“D./D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº
_____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa
_____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____
nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do
contrato de
(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número
particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que
representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do
_____ %

(Lugar, data e firma do proponente)”

E) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

“D./D^a _____ con DNI _____ e domicilio en
_____ provincia de _____ rúa _____
nº _____

en nome propio ou en representación da empresa _____

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: _____

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais
esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1 do
presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se
refire a cláusula 16.1 d) no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do proponente)”

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase
incumprimento de obrigação esencial para os efectos establecidos no art. 223 d) do
TRLRSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de
penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

F) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente,
un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

15.2. Sobre 2: Subtitulado "Oferta económica"

